

Nome \_\_\_\_\_

Data \_\_\_\_\_

### Un equipamento a proba de lume

Seguro que sabes quen son os bombeiros: son os que apagan os incendios e rescatan as persoas en situacións de perigo, como accidentes, inundacións, terremotos, etc. O seu é un traballo arriscado e duro. Pero os bombeiros son valentes, fortes e áxiles, e ademais contan cun bo equipamento. Queres saber cal? Velaquí o tes.

#### Botella de aire comprimido

O bombeiro conéctaa cando non hai aire para respirar e permítelle traballar durante 40 minutos. Pesa 4 quilos.

#### Emisora

Vai suxeita á chaqueta. É importante estar comunicado sempre cos demais.

#### Traxe multicapa

A chaqueta e os pantalóns están confeccionados con varias capas de materiais. Son unha barreira antilume e antihumidade, pero á vez permiten moverse con liberdade porque só pesan 3 quilos. O traxe non leva cremalleiras nin botóns, porque coa calor quecen e queimarían. Todas as partes se axustan con velcro.



#### Casco

É cómodo e lixeiro. Só pesa 1 quilo.

#### Viseira

Protexe os ollos da calor e do cegamento.

#### Máscara

Filtra o aire para respirar mellor cando hai fume.

#### Bandas luminescentes

Van na chaqueta, no casco e nos pantalóns. Así os bombeiros localízanse entre eles cando hai moito fume.

#### Botas

Teñen punteiras reforzadas e son moi resistentes; así poden aguantar que lles caia enriba un obxecto pesado sen ferirse.